



II MAPA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

ANEXO I

ANEXO I

Contido da Ficha informativa coa comparativa de datos da *Estatística anual de Bibliotecas Públicas de Galicia* de 2015 e 2019

PERSOAS

Persoas usuarias. Neste bloque ofrécense os datos referidos ás persoas usuarias do servizo.

- *Persoas usuarias inscritas.* Refírese ás persoas que teñen o carné de lector vixente asociado á biblioteca.
- *Persoas usuarias potenciais.* Refírese ao conxunto da poboación ao que a biblioteca debe prestar servizo, considerando como tal ao total de habitantes do concello
- *Persoas usuarias inscritas por habitante.* Refírese ao ratio de persoas usuarias segundo sexa o número total de habitantes do concello.
- *Novas persoas usuarias inscritas.* Refírese ao total de novas altas de carné de lector asociado á biblioteca no ano de referencia.

Persoal. Este indicador refírese ao número total de persoas traballadoras que desempeñan o posto en equivalencia a tempo completo.

- *Total de persoas traballadoras do servizo.*
- *Persoal técnico.* Referido a persoal con categoría profesional equivalente aos grupos A1 e A2.
- *Ratio de persoas traballadoras por cada 1.000 habitantes.*

RECURSOS MATERIAIS

Orzamento. No caso dos concellos que xestionan máis dun servizo bibliotecario, os datos ofrécense de forma agrupada a nivel de unidade administrativa, non de biblioteca, tal e como se recollen na Enquisa para Bibliotecas.

- *Investimento total anual do servizo.* Inclúe gastos de persoal, adquisición de fondos, realización de actividades de dinamización, instalacións e outros.
- *Investimento por persoa usuaria segundo persoa inscrita e segundo habitante.*
- *Investimento en adquisición de fondos segundo se a entidade financiadora é o concello ou a Xunta de Galicia.* A través deste indicador preténdese coñecer o impacto das axudas públicas da Xunta de Galicia no investimento en adquisición de fondos.

- *Investimento en adquisición de fondos por persoa usuaria.* A través deste indicador preténdese amosar o investimento en adquisición de fondos tanto por persoa usuaria como por habitante.
 - *Investimento total do servizo en persoal*
 - *Investimento en persoal por persoa usuaria.* A través deste indicador preténdese amosar o investimento en persoal tanto por persoa
 - *Investimento en actividades de dinamización* segundo entidade financiadora: concello e Xunta de Galicia. A través deste indicador preténdese coñecer o impacto das axudas públicas da Xunta de Galicia no investimento total en actividades de dinamización

Colección

- *Fondo total.* Exemplos que compoñen a colección. Inclúe materiais textuais, audiovisuais, xogos... Con este indicador preténdese coñecer ademais do número total de exemplares que conforman a colección, a porcentaxe correspondente de exemplares en lingua galega.
- *Público ao que se dirixe o fondo total* segundo sexa infantil ou adulto.
- *Tipoloxía dos exemplares que conforman a colección* segundo sexan libros, publicacións periódicas ou audiovisuais.
- *Exemplares que compoñen o fondo local.* Considérase importante coñecer o volume deste fondo mediante o que as bibliotecas municipais deben recoller, manter e difundir unha colección de interese local e apoiar a creación cultural no seu territorio
- *Exemplares anteriores a 1901.* Considérase importante coñecer a amosar a existencia de patrimonio bibliográfico custodiado nos servizos bibliotecarios galegos.
- *Exemplares da colección dispoñibles por cada persoa usuaria,* ben sexa segundo persoa usuaria inscrita ben sexa por habitante.
- *Fondos especiais cos que conta o servizo bibliotecario.* É importante coñecer e amosar a existencia dos fondos especiais que atesouran os servizos bibliotecarios galegos.

Espazos. A través da análise deste indicador preténdese amosar o espazo de uso bibliotecario que está dispoñible para as persoas usuarias de cada concello.

- *Superficie total e a súa distribución* espacial en sala polivalente, sala xeral ou sala infantil.
- *Superficie útil por persoa usuaria.* Segundo persoa usuaria ou habitante.
- *Postos de lectura.* A través deste indicador preténdese coñecer a distribución dos puntos de lectura que as persoas usuarias teñen ao seu dispor.
- *Horario de apertura.* Número total de horas que o servizo bibliotecario abre por semana, contabilizando o horario habitual de inverno. Non se consideran os períodos de horario reducido.

Dixitalización. A través deste indicador preténdese amosar o equipamento tecnolóxico que o servizo bibliotecario pon ao dispor das persoas usuarias.

- *Postos informatizados.* Número de equipos informáticos de traballo ou consulta destinados ás persoas usuarias.
- *Dispositivos electrónicos para o préstamo.* Aqueles que se lles prestan ás persoas usuarias tanto na biblioteca como a domicilio: lectores ebook, ordenadores portátiles e tabletas.
- *Servizos electrónicos cos que conta a biblioteca.* Trátase dos servizos que o servizo pon ao dispor das persoas usuarias: ofimática, WIFI ou máquinas de autopréstamo.

RESULTADOS

Visitas. Entendendo por visitante á persoa que acudiu á biblioteca ben sexa á sala de estudo, a actividades, consultas...

Préstamo

- *Total de préstamos.* Con este indicador trátase de amosar a evolución do número de préstamos que realizou o servizo bibliotecario.
- *Persoas prestameiras activas.* Son aquelas persoas usuarias inscritas que empregaron o servizo de préstamo da biblioteca.
- *Media de préstamos por persoa usuaria.* Preténdese amosar o impacto dos préstamos segundo persoas prestameiras activas, total das usuarias inscritas e por habitante.

Dinamización cultural e bibliotecaria.

- *Accións culturais promovidas.* A través deste indicador preténdese amosar o número total de accións de dinamización promovidas polo servizo bibliotecario.
- *Accións culturais promovidas a través o programa de dinamización bibliotecaria Ler conta Moito.* A través deste indicador preténdese amosar o impacto da liña de axudas da Xunta de Galicia na dinamización bibliotecaria.
- *Público asistente.* A través deste indicador preténdese amosar ademais da cantidade de público a súa segmentación segundo sexa infantil ou adulto.